

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN**

RESOLUCIÓN do 25 de maio de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência non competitiva, das subvencións para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas nos centros tecnolóxicos consolidados de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento IN845A).

A Constitución española, no seu artigo 44.2, obriga os poderes públicos a promoveren a ciencia e a investigación científica e técnica en beneficio do interese xeral. Ademais, establece no artigo 149.1.15 que o fomento e a coordinación da investigación científica e técnica son competencia exclusiva do Estado.

Pola súa banda, o Estatuto de autonomía de Galicia recolle no seu artigo 27.19 que corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia do fomento da cultura e da investigación en Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 149.2 da Constitución.

A Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, no seu artigo 1, ten por obxecto establecer o marco para o fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico, de transferencia e valorización de resultados e da innovación en Galicia en todas as súas vertentes, así como da súa xestión eficiente.

A Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3 Galicia) establece a estratexia de innovación que seguir para acadar un crecemento intelixente, sustentable e integrador concentrando dun xeito eficiente os recursos dispoñibles.

Entre os seus programas de actuación, a RIS3 Galicia prevé o programa Galicia Transfire, do cal a convocatoria de subvencións para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas nos centros tecnolóxicos consolidados de Galicia é un dos instrumentos. O programa Galicia Transfire aglutina os instrumentos dirixidos a fomentar a transferencia de investigación desde os axentes de xeración e difusión do coñecemento, como principais artífices do fomento do talento nos sistemas de innovación galegos, cara ao mercado nun marco de innovación aberto.

As axudas que agora se convocan están, pois, en consonancia cos retos contidos na RIS3 Galicia e tamén co esquema da Unión Europea reflectido no programa marco de in-



vestigación, desenvolvemento e innovación «Horizonte 2020» co fin de procurar, a medio e longo prazo, a obtención de retornos sociais.

Esta convocatoria enmárcase nas liñas de actuación orientadas a avanzar cara a estruturas colaborativas e integradas arredor das cadeas de valor de innovación estratéxicas para Galicia no marco da Estratexia de especialización intelixente RIS3 Galicia.

Con estas novas estruturas, coas cales se ordenarán e agruparán os diferentes axentes do Sistema Galego de Innovación, búscase reducir o diferencial coas rexións europeas líderes en innovación sobre a base dunha crecente especialización e a participación activa do sector privado, co obxectivo de desenvolver un novo modelo de crecemento e emprego cualificado capaz de atraer talento internacional.

Os centros tecnolóxicos consolidados, como axentes clave do Sistema galego de innovación, son estratéxicos no desenvolvemento destas novas estruturas colaborativas que afondarán no desenvolvemento dos retos da RIS3 para mellorar a competitividade de Galicia alén de 2022.

De acordo coa definición do instrumento, a convocatoria de subvencións para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas nos centros tecnolóxicos consolidados de Galicia financiará gastos de estrutura. Os fondos para destinar a cada unha das entidades beneficiarias calcularanse con base nos resultados acadados polo centro, entre outros, nos seguintes eidos:

- Respecto á posta en valor das súas actividades de I+D, a súa capacidade de transferencia ao mercado.

- Na captación de recursos de I+D+i competitivos en programas nacionais e internacionais.

Por iso, estas axudas establécense en función dunha serie de indicadores que, de forma obxectiva, valoran a súa perspectiva financeira, de resultados e excelencia, e de persoal.

O Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, establece que a Axencia Galega de Innovación ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas,

CVE-DOG: 14civq15-a8y9-rpj5-wi07-7iv4hhqoic8



a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes e perseguirá, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Definir e desenvolver as políticas públicas dirixidas a incrementar a eficiencia en resultados do Sistema galego de innovación, avaliados mediante a implantación dun sistema de indicadores de impacto contrastable.

- Estimular a estruturación e a consolidación do Sistema Galego de I+D+i.

As axudas que se conceden, dado que as actividades de I+D non se realizan por conta ou en colaboración con empresas, non teñen a consideración de axudas do Estado para os efectos do número 1 do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea e do Marco comunitario sobre axudas estatais de investigación, desenvolvemento e innovación (2014/C 198/01). En todo caso, os centros beneficiarios quedan obrigados a destinar a axuda recibida a usos relacionados con actividades non económicas e relativos a actuacións de I+D+i conforme o establecido no artigo 2 do devandito marco comunitario.

Consecuentemente con todo o anterior, a directora da Axencia Galega de Innovación, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 17.3 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación, e se aproban os seus estatutos,

DISPÓN:

Artigo 1. *Convocatoria e bases reguladoras*

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión das subvencións da Axencia Galega de Innovación dirixidas aos centros tecnolóxicos consolidados de Galicia para financiar gastos estruturais e de funcionamento co fin de incentivar a transferencia de resultados da investigación, do coñecemento e das capacidades tecnolóxicas dos centros ao mercado.

2. Así mesmo, por medio desta resolución convócanse estas axudas para o ano 2021 en réxime de publicidade, obxectividade e concorrência non competitiva (código de procedemento IN845A).

Artigo 2. *Financiamento e concorrência*

1. As subvencións concederanse para un marco temporal de 2 anos e financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria que se indica no seguinte cadro, na cal existe crédito



adecuado e suficiente no orzamento da Axencia Galega de Innovación coa seguinte distribución:

Aplicación orzamentaria	2021	2022	Total
06.A2.561A.781.0 (2015.00016)	3.500.000 €	2.700.000 €	6.200.000 €

Non obstante, poderán ampliarse os créditos dedicados a esta convocatoria logo de declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias establecidas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e, se for o caso, logo de aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

2. As axudas previstas nesta resolución serán compatibles con calquera outra destinada ao mesmo fin, calquera que for a súa natureza e a entidade que a conceda, sempre que, conxuntamente, non superen o custo da actividade subvencionada.

Artigo 3. *Beneficiarios*

Poderán ser beneficiarios das axudas os centros de innovación e tecnoloxía da comunidade autónoma que teñan a consideración de consolidados.

Teñen a consideración de centros tecnolóxicos consolidados aqueles que figuran inscritos (ou teñen resolución de recoñecemento como centro tecnolóxico ou centro de apoio á innovación tecnolóxica de ámbito estatal) no rexistro regulado no Real decreto 2093/2008, do 19 de decembro, polo que se regulan os centros tecnolóxicos e os centros de apoio á innovación tecnolóxica de ámbito estatal e se crea o rexistro de tales centros.

Artigo 4. *Lugar e prazo de presentación das solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efec-



tos, considerárase como data de presentación da solicitude aquela en que foi realizada a emenda.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro día do mes.

Artigo 5. *Documentación*

1. Para poder ser beneficiario das subvencións deberán presentarse os seguintes documentos:

a) Anexo I. Solicitude. No anexo I inclúense as seguintes declaracións responsables:

1) Declaración responsable de todas as solicitudes efectuadas e concedidas para o mesmo fin por outras administracións ou entes públicos ou privados.

2) Declaración de que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se presentan son certos.

3) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5) Declaración responsable de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

6) Declaración de que son veraces os datos que se consignan na solicitude relativos á conta bancaria en que se efectuará o pagamento das axudas, así como que a entidade solicitante é o seu titular, de conformidade co establecido no artigo 5 da Orde do 12 de xaneiro.

CVE-DOG: 14civq15-a8y9-rpj5-wi07-7iv4hhqoic8



ro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia.

b) Anexo II. O cadro de indicadores da perspectiva financeira, de resultados e excelencia, e de persoal a partir dos cales se efectúe a valoración dos resultados acadados polos centros tecnolóxicos.

c) Copia do poder bastante con que actúa o representante legal do centro (ver artigo 5.2).

d) Copia da escritura de constitución do centro debidamente inscrita, se é o caso, no Rexistro Mercantil ou Industrial (ver artigo 5.2).

e) Copia das contas anuais auditadas dos anos 2019 e 2020; non obstante aqueles centros que non estean obrigados a auditalas deberán presentar as contas anuais aprobadas polo padroado, conforme os artigos 37 e 38 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego. No caso de non estar obrigados a auditar as súas contas pero estas se auditen igualmente, deberán achegar o informe de auditoría correspondente.

f) Documento resumo onde se relacionen os importes que determinan o resultado dos indicadores coa información que aparece nas contas anuais.

2. Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.



Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

6. Os anexos I e II estarán dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal> e a título informativo na páxina web da Axencia Galega de Innovación <http://gain.xunta.gal>

7. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten ao dispor das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para facilitar a realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes de inicio. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada.

Artigo 6. *Información ás persoas interesadas*

1. Sobre este procedemento administrativo, que ten os códigos indicados no artigo 1, poderase obter información adicional na Axencia Galega de Innovación, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web da Axencia Galega de Innovación (<http://gain.xunta.gal>) na súa epígrafe de axudas e na sede virtual.

b) No teléfono 981 54 39 86.

c) No enderezo electrónico xestion.gain@xunta.gal



d) Persoalmente.

e) Na guía de procedementos e servizos administrativos no enderezo <https://sede.xunta.gal>

2. Así mesmo, para cuestións xerais sobre estes procedementos, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia, que é o 012.

3. De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións.

4. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 7. *Comprobación de datos*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

2. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) Estar ao día no cumprimento das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

b) Estar ao día no cumprimento das obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

c) Estar ao día no cumprimento das obrigas coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

No caso de que a entidade solicitante se opoña á consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.



Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar á entidade solicitante a presentación dos documentos correspondentes.

Se a consulta efectuada polo órgano xestor non obtivese resultado favorable e o centro solicitante debe presentar estes certificados en fase de emenda, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo órgano xestor.

Non obstante, aquelas entidades comprendidas no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que desenvolve a Lei de subvencións de Galicia, poderán presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, e de non ter pendente ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 8. *Instrución do procedemento e tramitación*

1. A Área de Xestión da Axencia Galega de Innovación será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención.

2. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado



enderezo para asegurar que as persoas interesadas cumpren a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. Se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase o interesado mediante anuncio publicado na páxina web da Axencia Galega de Innovación (<http://gain.xunta.gal>), para que nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e cos efectos previstos no artigo 21.1 da citada lei. Se a instrución do procedemento o aconsella, o órgano competente poderá substituír esta publicación na web, pola notificación individualizada.

A documentación requirida presentarase electronicamente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, de acordo co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015.

4. Nos casos de imposibilidade funcional e/ou tecnolóxica que impidan a realización da notificación electrónica, a notificación ou a emenda da solicitude efectuaranse polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

5. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración.

6. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán ao dispor do órgano instructor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

CVE-DOG: 14civq15-a8y9-rpj5-wi07-7iv4hhqoic8



7. Os datos e as aclaracións de mero trámite que resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento solicitaranse a través do enderezo electrónico xestion.gain@xunta.gal

Artigo 9. *Comisión de valoración*

1. A Comisión de Valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo 10 e emitirá un informe no cal se concrete o resultado da avaliación efectuada, os solicitantes propostos para obter a subvención e a contía da axuda proposta a cada un deles sen superar o crédito dispoñible. A Comisión de Valoración poderá contar co asesoramento de expertos externos.

2. A composición da Comisión de Valoración será a seguinte:

a) Presidencia: un/unha director/a de área da Axencia Galega de Innovación ou persoa en quen delegue.

b) Secretaría: funcionario ou funcionaria da Axencia Galega de Innovación.

c) Tres vogais designados pola directora da Axencia Galega de Innovación.

3. O informe que elabore a Comisión de Valoración remitirase ao órgano instructor.

Artigo 10. *Criterios de valoración e selección*

A valoración dos indicadores para cada centro tecnolóxico, a partir da información dos anos 2019 e 2020, realizarase conforme o baremo que se recolle no anexo II.

O importe da axuda de cada anualidade determinarase de acordo coa seguinte fórmula:

$$IA_i = V_p \cdot P_i$$

Na cal:

IA_i : importe da axuda de cada centro.

P_i : puntuación obtida por cada un dos centros.

V_p 2021: valor monetario de cada punto obtido pola fórmula $V_p = 3.500.000,00 / \sum P_i$.



Vp 2022: valor monetario de cada punto obtido pola fórmula $Vp=2.700.000,00/\sum Pi$.

Artigo 11. *Audiencia*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

2. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 12. *Resolución e notificación*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, o órgano instrutor elevará a proposta de resolución e o informe emitido pola Comisión de valoración á directora da Axencia Galega de Innovación para ditar a resolución de concesión, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, o beneficiario, así como a subvención concedida ou, se é caso, a causa de denegación.

En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá superar o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento establecido nestas bases reguladoras.

No expediente da subvención tamén se fará constar o informe do órgano instrutor en que conste que da información que ten no seu poder se deduce que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás axudas.

2. O prazo máximo para resolver as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria será de 5 meses, contados desde a apertura do prazo de presentación de solicitudes. De non mediar resolución expresa no dito prazo, os solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

3. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 45.1.b) desta lei, a notificación individual de concesión da axuda substituirase pola publicación no DOG e na páxina web <http://gain.xunta.gal>, con indicación da data da convocatoria, do beneficiario, da cantidade concedida e da finalidade da axuda outorgada.

CVE-DOG: 14civq15-a8y9-rpj5-wi07-7iv4hhqoic8



Artigo 13. Réxime de recursos

Contra as resolucións ditadas ao abeiro desta convocatoria, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente, poderán interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes desde o día seguinte ao da notificación da resolución, perante o presidente da Axencia Galega de Innovación, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 14. Modificación da resolución

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Poderase acordar a modificación da resolución de concesión por instancia do beneficiario, sempre que se presente a solicitude de modificación con anterioridade á data de finalización do prazo de xustificación do investimento obxecto de subvención e se cumpran os seguintes requisitos:

1) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das bases reguladoras.

2) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

3) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, se concorresen na concesión inicial, non suporían a denegación da subvención.

3. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado pola directora da Axencia Galega de Innovación logo da instrución do correspondente expediente en que se dará audiencia ao interesado nos termos previstos no artigo 11 destas bases xerais.

Artigo 15. Renuncia

A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se publicará na web da Axencia Galega de Innovación (<http://gain.xunta.gal>), así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015,



do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A directora da Axencia Galega de Innovación ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 16. *Obrigas dos beneficiarios*

Sen prexuízo das demais obrigas que resulten do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro desta resolución quedan obrigados a:

a) Proceder ao reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a concesión.

b) Subministrarlle á Administración, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

c) Comunicar á Axencia Galega de Innovación, no momento en que sexan beneficiarios de calquera axuda concedida para o mesmo fin, o seu importe e duración.

d) Contabilizar de forma separada a súa actividade económica e non económica de modo que se poida distinguir con claridade entre ambos os tipos de actividades e entre os seus respectivos custos e financiamento. O proxecto subvencionado dedicarase exclusivamente a actividades de carácter non económico, o que deberá ter o seu reflexo na contabilidade separada, de modo que cumpran o establecido no Marco comunitario sobre axudas estatais sobre investigación e desenvolvemento e innovación (DOUE 27.6.2014 C198/1).

Artigo 17. *Conceptos subvencionables*

1. Custo de persoal investigador ou de apoio.

Persoal investigador contratado: investigadores, auxiliares de investigación e xestores de I+D+i que se dedican exclusivamente a esta actividade.

Persoal de apoio contratado: persoal directivo ou persoal de administración con dedicación parcial a actividades de I+D+i.



O custo do persoal de apoio non poderá ser superior ao 40 % do importe da subvención concedida.

Unicamente será subvencionable o importe que conste como base do IRPF na nómina, sen admitirse axudas de custo, desprazamentos e outros que non formen parte da base do IRPF.

2. Material bibliográfico (libros, publicacións periódicas en papel ou dixitais, bases de datos...) e equipamento científico (inclúense aplicacións informáticas cando sexan necesarias para actividades de investigación), así como a súa reparación e conservación.

3. Equipamento científico: inclúense aplicacións informáticas cando sexan necesarias para actividades de investigación, así como a súa reparación e conservación.

4. Material funxible.

Elementos adquiridos e utilizados pola entidade para a realización da actividade investigadora (materiais diversos, envases, material de oficina...).

5. Custos de formación do persoal do centro tecnolóxico (inscrición, matrícula, custos do persoal ou entidade docente no caso de formación específica contratada polo centro...). Non se admiten as axudas de custo e desprazamento nin facturas de combustibles.

6. Outros gastos debidamente xustificados, conforme o número 4 do artigo 19.1, ata un máximo do 10 % da axuda concedida.

Gastos de natureza diversa que teñen por obxecto garantir o funcionamento normal da entidade (gastos de asesoría e similares, auga, electricidade e outras subministracións, servizos prestados por outras entidades para o desenvolvemento de actividades de I+D+i, outros servizos...).

Artigo 18. *Subcontratación*

En ningún caso se permitirá a subcontratación, entendida esta nos termos en que aparece definida no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: 14civq15-a8y9-rpj5-wi07-7iv4hhqoic8



Artigo 19. Xustificación da subvención

1. Para ter dereito ao pagamento da axuda, os beneficiarios deberán presentar para cada anualidade, electronicamente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, a seguinte documentación, axustada aos modelos que figuran na páxina da Axencia Galega de Innovación (<http://gain.xunta.gal>):

1) Un resumo da execución da subvención (modelo 1) asinada polo xerente ou director do centro tecnolóxico.

2) Certificación dos custos de persoal (modelo 2) emitida polo responsable de recursos humanos co visto e prace do xerente ou director do centro tecnolóxico, consistente nunha relación detallada por meses do persoal, que deberá incluír os seguintes datos: mes que se xustifica, apelidos, nome, NIF, posto no centro tecnolóxico, base do IRPF, retribución líquida mensual, data de pagamento das retribucións, importe da Seguridade Social con cargo ao centro tecnolóxico, data de pagamento da Seguridade Social, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado.

3) Documentos que acrediten os custos de persoal (copia das nóminas e relación nominal de traballadores da Tesouraría Xeral da Seguridade Social) e o seu pagamento (copia dos xustificantes bancarios ou recibo de liquidación de cotizacións á Seguridade Social). Nos xustificantes de pagamento das nóminas deberán detallarse os receptores, así como as cantidades percibidas por cada un deles.

4) Documentación acreditativa da realización dos restantes gastos, que consistirá en facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 48 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da citada lei. As facturas deberán conter suficiente información que permita relacionala co gasto xustificado.

Cando o beneficiario non dispoña de facturas electrónicas, deberá xuntar unha copia en formato PDF dos documentos orixinais.

5) Documentación acreditativa de realización dos pagamentos, que consistirá en copia da documentación bancaria dos pagamentos. Presentarase xunto a cada documento de gasto o correspondente documento de pagamento ou o extracto bancario onde figure o cargo correspondente. Non se admitirán os pagamentos en efectivo. Os xustificantes



bancarios de pagamento deben coincidir exactamente co importe da factura, IVE incluído. No caso de que o importe reflectido no documento bancario non coincida co importe do documento de gasto (pagamento agrupado), deberase remitir o detalle dos pagamentos efectuados xunto cos documentos de gasto, onde se poida identificar o gasto en cuestión.

6) En relación coa documentación xustificativa e o seu pagamento, cando non sexa posible a presentación de copia auténtica electrónica poderá presentarse unha copia en formato Pdf dos documentos indicados realizada polo beneficiario, acompañada dunha declaración responsable da autenticidade deses documentos achegados, así como o compromiso de presentar os orixinais cando a GAIN os requira.

7) No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado polo beneficiario, poderá ser considerado gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación do beneficiario con respecto ao IVE. No caso de que o réxime do IVE sexa pro rata, o gasto subvencionable calcularase con base na pro rata definitiva do último exercicio pechado antes da concesión da axuda e será responsabilidade do beneficiario realizar os axustes correspondentes na liquidación das obrigas fiscais.

8) No caso de adquisición de bens ou prestación de servizos, cando o importe do gasto subvencionable iguale ou supere os 15.000 euros no global do proxecto cun mesmo proveedor, deberán achegarse un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, excepto que polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou subministren. Estas excepcións deberán xustificarse. A elección entre as ofertas presentadas realizarase de conformidade cos criterios de eficiencia e economía e xuntarase unha memoria xustificativa cando a elección non recaia na proposta máis vantaxosa.

9) Declaración responsable do solicitante de todas as solicitudes efectuadas e concedidas para o mesmo fin por outras administracións ou entes públicos ou privados (modelo 3).

10) Ficha de indicadores de actividade por anualidade (modelo 4).

11) Memoria explicativa breve en que se reflectan as principais actividades e proxectos realizados coa axuda concedida dentro dos retos e prioridades da RIS3 Galicia (modelo 5).

12) No caso de que o centro solicitante se opoña á consulta polo órgano xestor de estar ao día nas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da



Seguridade Social e coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, deberá achegar os certificados acreditativos, que deberán estar en vigor.

2. Nos documentos correspondentes a cotas de seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, aceptárase o importe que conste na certificación dos custos de persoal e as entidades quedan obrigadas a presentar os documentos acreditativos do gasto e do pagamento nos prazos de xustificación establecidos no artigo seguinte.

3. A documentación presentárase electronicamente. Os beneficiarios responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá requirir de maneira motivada a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada. Así mesmo, os documentos de resumo da execución da subvención (modelo 1) e de certificación dos custos de persoal (modelo 2), deberán enviarse tamén en formato electrónico (xls,xlsx, org, calc ou similar).

Artigo 20. *Período de realización dos gastos e prazo de xustificación da axuda*

1. Períodos de realización dos gastos e pagamentos.

Primeira anualidade	Desde o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021 (incluído o pagamento das cotas de seguros sociais do mes de decembro).
Segunda anualidade	Desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 2 de novembro de 2022.

2. Prazo de presentación da xustificación da axuda.

1) A xustificación do importe total da anualidade da subvención concedida terá como data límite de presentación a seguinte:

Primeira anualidade	31 de marzo de 2022.
Segunda anualidade	10 de novembro de 2022. Non obstante, se existen cotas de seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación (cotas do mes de outubro) estas terán como data límite o 15 de decembro de 2022.

2) Transcorridos os prazos indicados sen que o beneficiario presentase a documentación solicitada, requirírase para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.



3) Recibida a documentación xustificativa da subvención, a Axencia Galega de Innovación, antes de proceder ao pagamento, poderá solicitar as aclaracións que considere oportunas a través do enderezo electrónico xestion.gain@xunta.gal

4) Os beneficiarios que presenten unha xustificación de gastos inferior ao anticipo percibido deberán xuntar á documentación presentada o xustificante de ingreso na conta da Comunidade Autónoma do importe percibido e non xustificado, sen prexuízo de que lles poida ser exixida a devolución doutras contías anticipadas unha vez aprobada a xustificación polo órgano competente.

Artigo 21. *Pagamento*

1. Poderán realizarse pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida, de acordo co artigo 63.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de acordo coa seguinte distribución:

- Para a primeira anualidade efectuarase un anticipo do 100 % da subvención total concedida para esa anualidade.
- Para a segunda anualidade anticiparase como máximo o 50 % do importe da subvención concedida para esa anualidade, logo da xustificación da anualidade anterior respectando o máximo do 80 % de pagamentos anticipados.

2. A concesión dos anticipos quedará condicionada ao cumprimento por parte dos beneficiarios dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e realizarase mediante resolución motivada logo da publicación da adxudicación das axudas.

3. No caso de pagamentos anticipados e á conta, non se precisará a presentación de garantías de acordo co artigo 67.4 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Os restantes pagamentos efectuaranse tras a xustificación. A suma dos pagamentos á conta e os anticipos non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.



Artigo 22. Incumprimento, reintegros e sancións

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. En caso de incumprimento do establecido no artigo 16.b), procederase conforme o establecido no artigo 4.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Artigo 23. Control

1. A Axencia Galega de Innovación poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das condicións das subvencións.

2. Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 24. Transparencia e bo goberno

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Axencia Galega de Innovación publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.



2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlle á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 25. *Publicidade*

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión publicárase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, o beneficiario, o crédito orzamentario, a contía e a finalidade da subvención.

Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Axencia Galega de Innovación.

Artigo 26. *Normativa aplicable*

Para todo o non previsto nestas bases observarase o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no resto da normativa aplicable.

As axudas obxecto desta convocatoria están dirixidas á realización de actividades de I+D+i de carácter non económico, por parte de centros tecnolóxicos de natureza pública ou privada sen ánimo de lucro, e difusión dos resultados da actividade dos centros tecnolóxicos subvencionados e á disposición de todos dun xeito indiscriminado, de modo que non se produce vantaxe económica para os centros subvencionados, e cumpren cos requisitos establecidos pola Comisión Europea no Marco comunitario sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (DOUE C198, do 27 de xuño de 2014).

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2021

Patricia Argerey Vilar
Directora da Axencia Galega de Innovación

CVE-DOG: 14civq15-a8y9-rpj5-wi07-7iv4hhqoic8




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

ANEXO I

PROCEDIMENTO AXUDAS PARA A CONSOLIDACIÓN E A ESTRUCTURACIÓN DAS UNIDADES DE INVESTIGACIÓN COMPETITIVAS NOS CENTROS TECNOLÓXICOS CONSOLIDADOS DE GALICIA		CÓDIGO DO PROCEDIMENTO IN845A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--	--	---------------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE							
RAZÓN SOCIAL						NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO 1		TELÉFONO 2		CORREO ELECTRÓNICO			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)			

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que se poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

DATOS DA PERSOA DE CONTACTO			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

ORIENTACIÓN DA ACTIVIDADE DE I+D REALIZADA POLO CENTRO TECNOLÓXICO (a descrición de cada código figura na páxina da Axencia Galega de Innovación http://gain.xunta.gal)	
Código	OBXECTIVOS SOCIOECONÓMICOS (NABS)*
*NABS: nomenclatura para a análise e comparación de programas e orzamentos científicos. Eurostat 2008	





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

ANEXO I
(continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, autonómico, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon (ou se está pendente de resolución de concesión), axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, autonómico, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais, como se indica a seguir:

ORGANISMO, SOCIEDADE OU ENTIDADE PÚBLICA OU PRIVADA A QUE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATA DA SOLICITUDE	DATA DA CONCESIÓN ⁽¹⁾	IMPORTE (€)

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase PENDENTE nesta columna. No caso de solicitudes denegadas, farase constar como DENEGADA.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

☐ Anexo II. Cadro de indicadores.			
☐ Documento resumo onde se relacionen as cantidades que determinan o resultado dos indicadores coa información que aparece nas contas anuais			
	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Copia do poder bastante con que actúa o representante legal do centro			
☐ Copia da escritura de constitución do centro debidamente inscrita, de ser o caso, no Rexistro Mercantil ou Industrial			
☐ Copia das contas anuais auditadas dos anos 2019 e 2020; non obstante aqueles centros que non estean obrigados a auditalas deberán presentar as contas anuais aprobadas polo padroado, conforme os artigos 37 e 38 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego. No caso de non estaren obrigados a auditar as súas contas pero estas se auditen igualmente, deberán presentar o informe de auditoría correspondente.			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	☐
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas tributarias coa AEAT	☐ SI ☐ NON





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

ANEXO I
(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Axencia Galega de Innovación.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Legitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e) do RPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se for o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos .
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 25 de maio de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das subvencións para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas nos centros tecnolóxicos consolidados de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento IN845A).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

galicia

Xacobeo 21-22

gain

Axencia Galega de Innovación

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

ANEXO II

CADRO DE INDICADORES PARA OS CENTROS TECNOLÓXICOS CONSOLIDADOS DE GALICIA

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
RAZÓN SOCIAL	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE

Nº	NOME	PERSPECTIVA	UNIDADE DE MEDIDA	RELACIÓN	FÓRMULA INDICADOR	LIMIAR MÍN.	LIMIAR MÁX.	PUNTUACIÓN MÍN.	PUNTUACIÓN MÁX.	DATOS QUE CUBRIRÁ O CENTRO TECNOLÓXICO			
										FÓRMULA (NUMERADOR)		FÓRMULA (DENOMINADOR)	
1	Ingresos actividades I+D+i	Financeira	Relativo	Directa	(Media dos ingresos dos exercicios 2019 e 2020 por I+D+i propia ou contratada /Media do total de ingresos dos anos 2019 e 2020 do CT) x100	35,00	70,00	1,20	12,00	Ingresos do exercicio por I+D+i propia ou contratada		Total de ingresos anuais do centro	
										2020	2019	2020	2019
2	Ingresos actividades I+D+i contratada ¹	Financeira	Absoluto	Directa	Media dos ingresos dos exercicios 2019 e 2020 por vendas ou prestación de servizos relacionados coa I+D+i (empresas, clústers e outros entes)	500.000,00 €	3.000.000 €	1,80	18,00	Ingresos do exercicio por vendas ou prestación de servizos relacionados con I+D+i (empresas, clústers e outros entes)			
										2020	2019		
3	Ingresos por convocatorias ²	Financeira	Absoluto	Directa	Media dos ingresos dos exercicios 2019 e 2020 por subvencións concedidas ao CT procedentes de proxectos de convocatorias nacionais, europeas ou internacionais de I+D+i	250.000,00 €	800.000,00 €	1,00	10,00	Ingresos do exercicio por subvencións concedidas ao CT procedentes de proxectos de convocatorias nacionais, europeas ou internacionais de I+D+i			
										2020	2019		
4	Clientes PEMES por actividades de I+D+i	Financeira	Absoluto	Directa	Media do nº de clientes pemes por vendas ou prestación de servizos relacionados coa I+D+i nos exercicios 2019 e 2020	10,00	40,00	1,00	10,00	Nº de clientes pemes do exercicio por vendas ou prestación de servizos relacionados con I+D+i			
										2020	2019		
5	Cifra de negocios ³	Financeira	Absoluto	Directa	Media dos ingresos dos exercicios 2019 e 2020 por vendas ou prestación de servizos (empresas, clústers e outros entes)	1.000.000,00 €	4.000.000,00 €	0,90	9,00	Ingresos do exercicio por vendas ou prestación de servizos (empresas, clústers e outros entes)			
										2020	2019		
6	Investimento en equipamento científico e técnico	Financeira	Absoluto	Directa	Media da compra de equipamento científico e técnico e/ou programas e aplicacións informáticas de carácter especializado e técnico nos exercicios 2019 e 2020	150.000,00 €	4.000.000,00 €	0,50	5,00	Gastos do exercicio por compra de equipamento científico e técnico e/ou programas e aplicacións informáticas de carácter especializado e técnico			
										2020	2019		
								TOTAL PERSPECTIVA FINANCEIRA					

ANEXO II
(continuación)

Nº	NOME	PERSPECTIVA	UNIDADE DE MEDIDA	RELACIÓN	FÓRMULA INDICADOR	LIMAR MÍN.	LIMAR MÁX.	PUNTUACIÓN MÍN.	PUNTUACIÓN MÁX.	DATOS QUE CUBRIRÁ O CENTRO TECNOLÓXICO	
										FÓRMULA (NUMERADOR)	FÓRMULA (DENOMINADOR)
7	Invenções nacionais concedidas (patentes e modelos de utilidade) e patentes europeas e internacionais concedidas ⁴	Resultados	Absoluto	Directa	Media do nº de invenções nacionais (patentes e modelos de utilidade) concedidas e patentes europeas e internacionais concedidas nos anos 2019 e 2020	1,00	4,00	0,30	3,00	Nº de invenções nacionais concedidas e patentes europeas e internacionais concedidas	
										2020	2019
8	Ingresos de explotación por terceiros da propiedade industrial ou intelectual de invenções propias ⁵	Resultados	Absoluto	Directa	Media dos ingresos xerados por acordos de explotación por terceiros da propiedade industrial ou intelectual de invenções propias desenvolvidas polo CT nos anos 2019 e 2020	15.000,00 €	50.000,00 €	0,20	2,00	Ingresos do exercicio xerados por acordos de explotación con terceiros de invenções propias desenvolvidas polo CT	
										2020	2019
9	Ingresos de empresas de base tecnolóxica (EBT) ³	Resultados	Absoluto	Directa	Media dos ingresos xerados por vendas ou prestación de servizos das EBT creadas polo CT (porcentaxe equivalente á participación do CT na mesma) nos anos 2019 e 2020	70.000,00 €	200.000,00 €	0,10	1,00	Ingresos xerados no exercicio por vendas ou prestación de servizos das EBT creadas polo CT (porcentaxe equivalente á participación do CT nela)	
										2020	2019
10	Ingresos por unidades mixtas de investigación con empresas ⁷	Resultados	Absoluto	Directa	Media das achegas monetarias e en especie da empresa dos anos 2019 e 2020 ás unidades mixtas de investigación do CT	200.000,00 €	500.000,00 €	0,70	7,00	Total das aportacións monetarias e en especie da empresa ás unidades mixtas de investigación do CT	
										2020	2019
11	Actividades de difusión e divulgación da tecnoloxía do centro	Resultados	Absoluto	Directa	Media do nº de actividades de difusión e divulgación nacionais e internacionais relativas a proxectos de I+D+i, levadas a cabo polo centro relacionadas coa súa tecnoloxía nos anos 2019 e 2020	5,00	10,00	0,30	3,00	Nº de actividades de difusión e divulgación nacionais e internacionais levadas a cabo polo CT	
										2020	2019
12	Liderado en proxectos internacionais	Internacionalización	Absoluto	Directa	Media do nº de proxectos de ámbito internacional nos cales o centro tivese unha posición de liderado (coordinación ou liderado de proxectos) nos anos 2019 e 2020	1,00	4,00	0,60	6,00	Nº de proxectos de ámbito internacional nos cales o CT tivese unha posición de liderado	
										2020	2019
13	Participación en conferencias internacionais de alto nivel científico-tecnolóxico, premios e recoñecementos internacionais	Internacionalización	Absoluto	Directa	Media do nº de participacións internacionais en conferencias, premios ou outro tipo de recoñecementos obtidos polo CT ou polo seu persoal investigador, no ámbito da súa tecnoloxía nos anos 2019 e 2020	1,00	5,00	0,30	3,00	Nº de participacións internacionais en conferencias, premios ou outro tipo de recoñecementos obtidos polo CT ou polo seu persoal investigador	
										2020	2019



ANEXO II
(continuación)

Nº	NOME	PERSPECTIVA	UNIDADE DE MEDIDA	RELACIÓN	FÓRMULA INDICADOR	LIMIAR MÍN.	LIMIAR MÁX.	PUNTUACIÓN MÍN.	PUNTUACIÓN MÁX.	DATOS QUE CUBRIRÁ O CENTRO TECNOLÓXICO				
										FÓRMULA (NUMERADOR)		FÓRMULA (DENOMINADOR)		
14	Movilización de empresas en proxectos internacionais	Internacionalización	Absoluto	Directa	Media do nº de proxectos aprobados nos cales o centro participa en agrupación con empresas multinacionais relacionadas coa súa tecnoloxía nos anos 2019 e 2020	1,00	5,00	0,30	3,00	Nº de proxectos aprobados nos que o centro participa en agrupación con empresas multinacionais relacionadas coa súa tecnoloxía				
										2019	2020			
15	Colaboracións para proxectos de I+D+i con centros estranxeiros (centros de investigación, universidades, grandes consorcios ou redes de investigación internacionais)	Internacionalización	Absoluto	Directa	Media do nº de colaboracións para proxectos de I+D+i con centros estranxeiros (centros de investigación e outros axentes científico tecnolóxicos) no ámbito da súa tecnoloxía nos anos 2019 e 2020	1,00	5,00	0,40	4,00	Nº de colaboracións con centros estranxeiros (centros de investigación e outros axentes científico tecnolóxicos)				
										2020	2019			
TOTAL PERSPECTIVA DE RESULTADOS E EXCELENCIA									3,20	32,00				
16	Igualdade no persoal investigador ⁸	Persoal	Relativo	Directa	(Media de mulleres no persoal investigador nos anos 2019 y 2020 / Media do persoal investigador nos anos 2019 y 2020) x100	30,00	40,00	0,20	2,00	Media de mulleres no persoal investigador		Media do persoal investigador		
										2020	2019	2020	2019	
17	Doutores no persoal investigador ⁹	Persoal	Relativo	Directa	(Media de persoal investigador con título de doutor e contrato indefinido nos anos 2019 e 2020 / Media do persoal investigador indefinido nos anos 2019 e 2020) x100	7,00	13,00	0,20	2,00	Media de persoal investigador co título de doutor e indefinido		Media do persoal investigador indefinido		
										2020	2019	2020	2019	
TOTAL PERSPECTIVA DE PERSOAL									0,40	4,00				
TOTAL CADRO DE INDICADORES									10,00	100,00				





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓNANEXO II
(continuación)

Os importes correspondentes á perspectiva financeira referiranse a ingresos do exercicio contable imputados de acordo coas regras establecidas polo Plan xeral de contabilidade a que están sometidos estas entidades e deben estar reflectidos nas contas anuais.


1. Ingresos do exercicio por vendas ou prestación de servizos: do importe das vendas ou prestación de servizos debe deducirse o importe de calquera desconto (bonificacións e reducións), o IVE e outros impostos relacionados con estas. Exclúense os ingresos obtidos por ensaios ou análises non relacionados con proxectos de I+D+i, certificacións, homologacións, actividades de formación e difusión e aquelas actividades de I+D+i que fosen obxecto de subcontratación. Non se terá en conta neste indicador os ingresos obtidos polas UMI, posto que estes xa se valoran no indicador específico de UMI.
2. Ingresos do exercicio por subvencións de capital ou explotación relacionadas coa I+D+i de convocatorias competitivas onde o centro tecnolóxico apareza como beneficiario. Nas convocatorias nacionais exclúense as da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Ingresos do exercicio por vendas ou prestación de servizos: do importe das vendas ou prestación de servizos, debe deducirse o importe de calquera desconto (bonificacións e reducións), o IVE e outros impostos relacionados con estas. Non se terán en conta neste indicador os ingresos obtidos polas UMI, posto que estes xa se valoran no indicador específico de UMI.
4. Acreditarse mediante documento polo cal a Oficina Española de Patentes e Marcas (OEPM) ou outra oficina que xestione patentes nun país estranxeiro, concede invencións industriais e modelos de utilidade ou documento de concesión de patente pola Oficina Europea de Patentes (OEP) ou patente concedida en virtude do Tratado de cooperación de patentes (PCT).
5. Ingresos obtidos nos anos de valoración dos indicadores por acordos de explotación por terceiros procedentes de patentes, modelos de utilidade, variedades vexetais propias, deseños industriais, etc. Inclúe acordos de licenzas de comercialización, cesión da titularidade, acordos de franquía e outros. Deberá achegarse un contrato asinado entre ámbas as partes no cal se detalle con precisión a invención propia por parte do CT.
6. EBT: empresa cun alto contido tecnolóxico co obxecto de producir bens ou servizos innovadores creada/participada directamente polo centro tecnolóxico ou indirectamente a través dunha sociedade participada polo centro e que foi creada con esa finalidade (EBT creadas nos anos de valoración dos indicadores ou nos tres anos anteriores).
7. Unidade de colaboración constituída mediante acordo escrito para o desenvolvemento de diferentes liñas de investigación entre un organismo de investigación e unha empresa, por un período mínimo de 3 anos, onde a empresa achega como mínimo o 40 % do orzamento da unidade mixta (UMI creadas nos anos de valoración dos indicadores ou nos tres anos anteriores). A dita UMI debería ter sido valorada como solicitude nalgunha convocatoria da Axencia Galega de Innovación ou en convocatoria similar.
8. Persoal investigador: media dos investigadores, auxiliares de investigación e xestores de I+D+i contratados con carácter indefinido ou temporal (axustarse ao equivalente a xornada completa).
9. Doutores investigadores: media dos doutores investigadores contratados con carácter indefinido (axustarse ao equivalente a xornada completa).

CERTIFICA

A veracidade dos datos contidos nesta memoria descritiva (anexo II).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Axencia Galega de Innovación



SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

